



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE, EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

www.edu.xunta.gal/centros/ceipviladerutis

CEIP "VILA DE RUTIS"

Avda. de Rutis s/n

15174 Culleredo - A Coruña

Telf. 881 960 920

ceip.viladerutis@edu.xunta.gal



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo co calendario establecido pola Xunta Electoral, o próximo **día 22**, luns, en horario de **13,30 a 18,00 horas**, celebrarase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio. Recordamos que para participar na referida votación, procederase da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

- O voto será directo, secreto e non delegable.
- Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabética de apelidos, e cada elector **deberá marcar cunha cruz 2 nomes** da candidata ou candidato relacionados, e deberá acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.
- Finalizada a votación, procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste Centro anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo **luns, 22 de novembro**, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Culleredo, 18 de novembro de 2021

A DIRECTORA DO CENTRO



Asdo.: Eladia Cabanas Fernández